



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 209
13 de novembro de 2017



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade

I 16854 (10/PL-000006)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas

[62065](#)

I Designación da Ponencia que emitirá informe sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas

[62065](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 19247 (10/MOC-000053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 10194, publicada no BOPG nº 128, do 14.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)

[62066](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 19219 (10/MOC-000052)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 16633, publicada no BOPG nº 182, do 27.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)

[62067](#)

I 19248 (10/MOC-000054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento destinado ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, así como a publicación das axudas corres-

pondentes a ese plan. (Moción a consecuencia da Interpelación n.º 10583, publicada no BOPG n.º 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017) [62067](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

I 13018 (10/PNP-001103)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis

Sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia [62067](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 7663 (10/PNP-000699)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas [62068](#)

I 17676 (10/PNP-001318)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás [62069](#)

I 19153 (10/PNP-001407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis

Sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes [62069](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 19027 (10/PNP-001397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a adopción polo Goberno galego das medias necesarias para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga de incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017 [62070](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 15853 (10/PNP-001229)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes

[62070](#)

I 18655 (10/PNP-001374)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura e explotación da mina de cobre de San Rafael, nos concellos de Touro e O Pino

[62071](#)

I 19141 (10/PNP-001405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a investigación das causas, procedementos de xestión e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017

[62071](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación con modificacións

I 15754 (10/PNC-001354)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun marco regulador para os convenios e protocolos de colaboración intermunicipais de axuda mutua en materia de policía local, así como para favorecer as posibles asociacións de concellos para o desempeño mancomunado do servizo de protección civil

[62071](#)

I 19285 (10/PNC-001554)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a inclusión da perspectiva do coidado, benestar e protección dos animais nos protocolos de actuación ante emerxencias

[62072](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 18216 (10/PNC-001485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa decisión do Concello de Redondela respecto da exposición titulada *A criminalización do pensamento* [62072](#)

I 19412 (10/PNC-001571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis

Sobre a modificación que debe introducir o Goberno galego no artigo 6 do Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro [62073](#)

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**Aprobación sen modificacións****I 16118 (10/PNC-001379)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e oito deputados/as máis

Sobre a consolidación polo Goberno galego do Programa de atención farmacéutica nos centros sociosanitarios de Galicia mediante a elaboración dunha guía farmacoterapéutica común [62073](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións**I 19113 (10/PNC-001540)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da detección, diagnose e tratamento da síndrome de Behçet, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central para garantir unhas mellores condicións laborais para as persoas afectadas [62073](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 6749 (10/PNC-000680)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na prestación do servizo de transporte sanitario terrestre e os dereitos laborais dos traballadores [62074](#)

I 11053 (10/PNC-001150)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o inicio polo Goberno galego da construción dun centro de saúde no concello de Gondomar [62074](#)

I 13379 (10/PNC-001254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para mellorar a regulación das xubilacións anticipadas [62074](#)

I 17338 (10/PNC-001439)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para o mantemento na cidade de Vigo dos servizos á mocidade da súa competencia, como o Carné Xove, que se viñan prestando na Casa da Xuventude, así como a exixencia ao Concello de Vigo do correcto e continuado funcionamento da Oficina de Información Municipal Xuvenil [62075](#)

I 17408 (10/PNC-001445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central, para a regularización da profesión de educación social [62075](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**Aprobación sen modificacións****I 18017 (10/PNC-001478)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e seis deputados/as máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia do proceso de elaboración dos plans de ordenación dos recursos forestais cun ámbito territorial de distritos, unha vez que se remate o proceso de revisión do Plan forestal e logo da realización dos trámites pertinentes [62075](#)

I 18687 (10/PNC-001515)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e seis deputados/as máis

Sobre o uso pola Xunta de Galicia dos grupos de desenvolvemento rural para o fomento da diversificación da economía cara a actividades agrarias e non agrarias sustentables no medio rural [62076](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 10517 (10/PNC-001089)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á mellora, modernización e competitividade do tecido produtivo rural [62076](#)

I 14361 (10/PNC-001298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de operacións en Galicia destinada á captación de madeira de eucalipto para a fabricación de pasta de papel [62076](#)

I 16106 (10/PNC-001377)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis**

Sobre a elaboración polo Goberno galego de protocolos de actuación para as zonas queimadas polos incendios forestais e a creación dun banco de sementes para a súa implantación na práctica do *heomulching* co fin de limitar o risco de erosión [62077](#)

I 17003 (10/PNC-001418)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso en Galicia do parasito *Torymus sinensis* na loita biolóxica contra a praga da avespiña do castiñeiro, os danos causados por este insecto e polas xeadas ao sector, así como o inicio ou consolidación dos proxectos de desenvolvemento, transformación e comercialización da castaña [62077](#)

I 17591 (10/PNC-001451)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha mesa de diálogo cos sectores afectados pola seca co fin de debater propostas para paliar os seus danos e deseñar estratexias para abordar situacións similares nos anos vindeiros [62077](#)

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**Aprobación sen modificacións****I 10057 (10/PNC-001044)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis**

Sobre o apoio pola Xunta de Galicia á proposta da Autoridade Portuaria de Vigo, así como a demanda ao Goberno central e á Unión Europea da axilización dos trámites necesarios para estender ata Tánxer a actual autopista marítima que une Vigo coa cidade francesa de Nantes [62077](#)

Aprobación con modificacións**I 15414 (10/PNC-001338)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis**

Sobre o mantemento polo Goberno galego da actual liña de actuación para combater o furtivismo, introducindo nela os avances das novas tecnoloxías, como é o caso dos drones, para as tarefas de vixilancia e control [62078](#)

Rexeitamento das iniciativas**I 4758 (10/PNC-000460)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun programa de medidas para mellorar a seguridade a bordo dos buques, co fin de reducir a sinistralidade marítima e o número de vítimas [62078](#)

I 17698 (10/PNC-001459)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia

[62079](#)**I 19011 (10/PNC-001532)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa perda de produtividade marisqueira das rías galegas nos últimos anos, os problemas de saneamento e depuración que padecen, así como os niveis de contaminación que rexistran

[62079](#)**I 19195 (10/PNC-001549)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás actuacións postas en marcha para evitar o impacto dos incendios forestais nos fondos das rías, en especial, nos bancos marisqueiros, así como a execución das accións precisas para evitar os efectos neles dos posibles arrastres de cinzas e terras

[62079](#)**1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos****1.5.4. De ámbito europeo****1.5.4.1. Unión Europea**

I Resolución da Presidencia, do 13 de novembro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2014/65/UE relativa aos mercados de instrumentos financeiros e a Directiva 2009/138/CE sobre o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II) (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2017) 537 final] [2017/0231 (COD)]

-10/UECS-000103 (20143)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2014/65/UE relativa aos mercados de instrumentos financeiros e a Directiva 2009/138/CE sobre o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II) (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2017) 537 final] [2017/0231 (COD)]

[62081](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

O Pleno do Parlamento, na sesión do 7 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 16854 (10/PL-000006)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas

BOPG nº 178, do 20.09.2017

Sométese a votación a emenda á totalidade de devolución, e resulta rexeitada por 13 votos a favor, 40 en contra e 19 abstencións

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Designación da Ponencia que informará o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 10 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 16854 (10/PL-000006)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas

BOPG nº 178, do 20.09.2017

G.P. Popular de Galicia:

D. José Alberto Pazos Couñago (titular)

Dª Paula Prado del Río (suplente)

G.P. de En Marea:

Dª María de los Ángeles Cuña Bóveda (titular)

Dª. Luca Chao Pérez (suplente)

G.P. dos Socialistas de Galicia:

D^a. Matilde Begoña Rodríguez Rumbo (titular)

D^a. María de la Concepción Burgo López (suplente)

G.P. do Bloque Nacionalista Galego:

D. Xosé Luís Bará Torres (titular)

D^a. Olalla Rodil Fernández (suplente)

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 7 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 19247 (10/MOC-000053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 10194, publicada no BOPG nº 128, do 14.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)

BOPG nº 199, do 24.10.2017

Sométese a votación e resulta aprobada por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Presentar o borrador do Plan forestal sen máis dilacións ao sector implicado e relacionado co mundo forestal (empresas, asociacións profesionais relacionadas coa silvicultura, madeira e bosques, asociacións ecoloxistas e ambientalistas, universidades, sindicatos agrarios, Consello Forestal e aos grupos parlamentarios, cando menos), para comezar o proceso de participación, mellora e adaptación ás necesidades socioeconómicas, culturais e medioambientais de Galicia.

2º) Establecer un protocolo de actuación e calendario para o seu estudo, achegas e conclusións.

3º) Efectuar unha rápida avaliación dos incendios forestais desde a aprobación do anterior plan forestal e incorporar as súas conclusións ao proceso de elaboración do actual.»

Rexeitamento da iniciativa

- 19219 (10/MOC-000052)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 16633, publicada no BOPG nº 182, do 27.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)

BOPG nº 199, do 24.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 19248 (10/MOC-000054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento destinado ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, así como a publicación das axudas correspondentes a ese plan. (Moción a consecuencia da Interpelación n.º 10583, publicada no BOPG nº 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)

BOPG nº 199, do 24.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 13018 (10/PNP-001103)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis

Sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia

BOPG nº 158, do 04.08.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 59 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Aprobar, para a súa remisión á Cámara no primeiro semestre do ano 2018, un proxecto de lei en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana dirixido á simplificación lexislativa, ad-

ministrativa e de xestión e que preste especial atención á recuperación dos núcleos rurais e urbanos con valor histórico e patrimonial.

2. Contar durante a tramitación do proxecto de lei coa colaboración, consulta e participación da Fe-gamp, así como cos colexios profesionais e resto de institucións e sectores relacionados con este ámbito.

3. Incluír como contidos mínimos da lei:

—A obrigatoriedade de implantación en todos os concellos dos informes de avaliación de edificios (IAE) como medida de coñecemento directo e realista do estado físico das edificacións máis anti-gas.

—Facilitar a mellora de accesibilidade en edificacións plurifamiliares.

—Compatibilizar a interpretación dos condicionantes dimensionais e funcionais mínimos das vi-vendas no caso de edificacións con algún grao de protección ou pertencente a áreas de protección declaradas.

—Fomentar a simplificación na tramitación, prescindindo no posible de informes autonómicos, do-tando os concellos de maior autonomía na tramitación de licenzas.

—Poñer en marcha medidas de intervención da Administración ante o abandono e inadecuado mantemento das edificacións incluídas en ámbitos de protección.

—Impulsar a creación de catálogos de protección nos concellos que aínda non contan con el, e bus-car ferramentas de homoxeinización dos existentes así como dos futuros.

4. Facilitar o incremento de máis medios e persoal para os concellos que, afectados pola aplicación da lei, asuman máis competencias e, polo tanto, máis carga de traballo nos seus departamentos.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 7663 (10/PNP-000699)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas

BOPG nº 100, do 19.04.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unani-midade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Avanzar na elaboración dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais e do parque nacional das Illas Atlánticas de maneira que se aproben no prazo máximo de 12 meses.
2. Garantir que os citados plans contén cun amplo proceso de participación e do máximo consenso cos concellos, asociacións ecoloxistas e comunidades locais de cada ámbito territorial.
3. Encadrar estes parques como centro do Plan de educación ambiental escolar de Galicia xa existente.
4. Incorporar nas novas medidas da Xunta unha planificación específica de loita contra o lume para os espazos protexidos que teña en conta os coñecementos dos técnicos máis cualificados nos parques naturais.»□

- 17676 (10/PNP-001318)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás

BOPG nº 187, do 05.10.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Amosar o seu apoio ás actuacións que está a levar o Concello de Santiago de Compostela para poder recuperar as estatuas que obran, ilexítimamente, en man da familia do ditador franquista.
2. Unha vez resolto o litixio interposto polo Concello de Santiago sobre a propiedade das estatuas de Abraham e Isaac, de ser o caso, colaborar con esta Administración local, na súa condición de lexítima propietaria, nas posibles tarefas de restauración e posta en valor destes bens.
3. Iniciar o procedemento para a declaración como BIC das devanditas esculturas, tal e como está anunciado.»

- 19153 (10/PNP-001407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis

Sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes

BOPG nº 199, do 24.10.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia ao seguinte:

1º. Que deseñe un plan especial urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais, incluíndo medidas e accións para loitar contra os procesos erosivos e para recuperar e rexenerar os hábitats afectados.

2º. Que dote este plan dunha memoria económica, detallando os investimentos e prazos de execución del para cada unha das actuacións previstas.

3º. Que restaure, en colaboración con outras administracións competentes, as dotacións de servizos básicos que se viron afectadas polos incendios.

4º. Que se deseñen protocolos de actuación na rexeneración de superficies queimadas en xeral atendendo ás súas características de solo, pendentes, proximidade a acuíferos, traídas municipais e privadas, correntes de auga, e arrastres de terra e consecuencias erosivas que faciliten a actuación inmediata despois do lume.»□

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 19027 (10/PNP-001397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a adopción polo Goberno galego das medias necesarias para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga de incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017

BOPG nº 199, do 24.10.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar as medidas axeitadas para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia, nos litorais afectados, para evitar os riscos potenciais, derivados dos graves incendios ocorridos o 15 de outubro.»

Rexeitamento da iniciativa

- 15853 (10/PNP-001229)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes

BOPG nº 178, do 20.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

- 18655 (10/PNP-001374)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura e explotación da mina de cobre de San Rafael, nos concellos de Touro e O Pino

BOPG nº 194, do 17.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 41 en contra e 12 abstención.

- 19141 (10/PNP-001405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a investigación das causas, procedementos de xestión e consecuencias da vaga de lumes de outubro de 2017

BOPG nº 199, do 24.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 10 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 15754 (10/PNC-001354)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun marco regulador para os convenios e protocolos de colaboración intermunicipais de axuda mutua en materia de policía local, así como para

favorecer as posibles asociacións de concellos para o desempeño mancomunado do servizo de protección civil

BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer, en cooperación coa Fegamp, un marco que regule os convenios e protocolos de colaboración intermunicipais de axuda mutua en materia de policía local e favorecer as posibles asociacións de concellos para o desempeño mancomunado do servizo de protección civil.»

- 19285 (10/PNC-001554)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a inclusión da perspectiva do coidado, benestar e protección dos animais nos protocolos de actuación ante emerxencias

BOPG nº 203, do 31.10.2017

Sométese a votación separada por alíneas:

Alíneas 1 e 2: resultan aprobadas pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

Alínea 3: resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Sensibilizar, mediante actividades de formación e divulgación, a necesidade da protección e benestar dos animais, diante de situacións de emerxencia que lles poidan afectar de xeito grave, a través do Comité Consultivo para a Protección Animal, previsto na Lei 4/2017, do 3 outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, que inclúe os animais domésticos e os animais silvestres en cativeiro.

2. Avaliar a inclusión de protocolos de actuación ao respecto da protección dos animais ante posibles emerxencias, dentro dos temas a tratar polo Grupo de Traballo Autonómico polas Emerxencias, creado pola Comisión Galega de Protección Civil.»

Rexeitamento da iniciativa

- 18216 (10/PNC-001485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa decisión do Concello de Redondela respecto da exposición titulada *A criminalización do pensamento*
BOPG nº 191, do 11.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 19412 (10/PNC-001571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis

Sobre a modificación que debe introducir o Goberno galego no artigo 6 do Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro

BOPG nº 203, do 31.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 9 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 16118 (10/PNC-001379)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e oito deputados/as máis

Sobre a consolidación polo Goberno galego do Programa de atención farmacéutica nos centros sociosanitarios de Galicia mediante a elaboración dunha guía farmacoterapéutica común

BOPG nº 178, do 20.09.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 4 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consolidar o Programa de atención farmacéutica nos centros sociosanitarios en Galicia, mediante a elaboración dunha guía farmacoterapéutica común.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 19113 (10/PNC-001540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da detección, diagnose e tratamento da síndrome de Behçet, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central para garantir unhas mellores condicións laborais para as persoas afectadas

BOPG nº 199, do 24.10.2017

Sométese a votación por puntos co resultado que se reflicte a seguir:

- Puntos 1, 2 e 3: aprobados pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.
- Puntos 4, 5 e 6: rexeitados por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar seguimento e aplicación ás medidas e conclusións incluídas na moción presentada polo Grupo Socialista na Comisión de Sanidade e Servizos Sociais do Senado de España e aprobada por unanimidade.
2. Fomentar a formación e o acceso á información sobre a enfermidade de Behçet aos e ás profesionais do sistema público de saúde, co fin de mellorar a súa capacitación para detección e diagnose.
3. Establecer un protocolo de actuación para os casos que poidan ser detectados como posibles afectados da enfermidade de Behçet dentro do sistema público de saúde. »

Rexeitamento da iniciativa

- 6749 (10/PNC-000680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas na prestación do servizo de transporte sanitario terrestre e os dereitos laborais dos traballadores

BOPG nº 87, do 22.03.2017

Sométese a votación xunto coa emenda do G. P. de En Marea doc. núm. 19963 e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 11053 (10/PNC-001150)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o inicio polo Goberno galego da construción dun centro de saúde no concello de Gondomar

BOPG nº 140, do 05.07.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 13379 (10/PNC-001254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para mellorar a regulación das xubilacións anticipadas
BOPG nº 166, do 31.08.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 17338 (10/PNC-001439)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para o mantemento na cidade de Vigo dos servizos á mocidade da súa competencia, como o Carné Xove, que se viñan prestando na Casa da Xuventude, así como a exixencia ao Concello de Vigo do correcto e continuado funcionamento da Oficina de Información Municipal Xuvenil

BOPG nº 188, do 06.10.2017

Sométese a votación xunto coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia doc. núm. 19931 e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 17408 (10/PNC-001445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central, para a regularización da profesión de educación social

BOPG nº 188, do 06.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 10 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 18017 (10/PNC-001478)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e seis deputados/as máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia do proceso de elaboración dos plans de ordenación dos recursos forestais cun ámbito territorial de distritos, unha vez que se remate o proceso de revisión do Plan forestal e logo da realización dos trámites pertinentes

BOPG nº 188, do 06.10.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, logo dos trámites pertinentes, se inicie o proceso de elaboración dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) cun ámbito territorial de distritos, unha vez que se remate o proceso de revisión do plan forestal.»

- 18687 (10/PNC-001515)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e seis deputados/as máis

Sobre o uso pola Xunta de Galicia dos grupos de desenvolvemento rural para o fomento da diversificación da economía cara a actividades agrarias e non agrarias sustentables no medio rural
BOPG nº 194, do 17.10.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a utilizar os Grupos de Desenvolvemento Rural para fomentar a diversificación da economía cara actividades agrarias e non agrarias sustentables no medio rural.»

Rexeitamento da iniciativa

- 10517 (10/PNC-001089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á mellora, modernización e competitividade do tecido produtivo rural
BOPG nº 132, do 21.06.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 14361 (10/PNC-001298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de operacións en Galicia destinada á captación de madeira de eucalipto para a fabricación de pasta de papel
BOPG nº 166, do 31.08.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 16106 (10/PNC-001377)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego de protocolos de actuación para as zonas queimadas polos incendios forestais e a creación dun banco de sementes para a súa implantación na práctica do *heomulching* co fin de limitar o risco de erosión

BOPG nº 178, do 20.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 17003 (10/PNC-001418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso en Galicia do parasito *Torymus sinensis* na loita biolóxica contra a praga da avespiña do castiñeiro, os danos causados por este insecto e polas xeadas ao sector, así como o inicio ou consolidación dos proxectos de desenvolvemento, transformación e comercialización da castaña

BOPG nº 182, do 27.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 17591 (10/PNC-001451)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha mesa de diálogo cos sectores afectados pola seca co fin de debater propostas para paliar os seus danos e deseñar estratexias para abordar situacións similares nos anos vindeiros

BOPG nº 188, do 06.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2.^a

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 9 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 10057 (10/PNC-001044)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis

Sobre o apoio pola Xunta de Galicia á proposta da Autoridade Portuaria de Vigo, así como a demanda ao Goberno central e á Unión Europea da axilización dos trámites necesarios para estender ata Tánxer a actual autopista marítima que une Vigo coa cidade francesa de Nantes
BOPG nº 128, do 14.06.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a apoiar a proposta da Autoridade Portuaria de Vigo e a demandar do Goberno do Estado e da UE a axilización dos trámites necesarios para lograr estender ata Tánxer a actual autopista marítima que une Vigo coa cidade francesa de Nantes.»

Aprobación con modificacións

- 15414 (10/PNC-001338)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis

Sobre o mantemento polo Goberno galego da actual liña de actuación para combater o furtivismo, introducindo nela os avances das novas tecnoloxías, como é o caso dos drones, para as tarefas de vixilancia e control

BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a xunta de Galicia:

1. A continuar na actual liña para combater o furtivismo, introducindo na medida das posibilidades os avances que as novas tecnoloxías nos ofrecen, como é o caso dos drones, para as tarefas de vixilancia e control.

2. A que axilice o pagamento das axudas para a contratación de vixiantes contra o furtivismo por parte das confrarías, e estude a viabilidade de aumentar a partida destinada a este fin.»

Rexeitamento das iniciativas

- 4758 (10/PNC-000460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun programa de medidas para mellorar a seguridade a bordo dos buques, co fin de reducir a sinistralidade marítima e o número de vítimas

BOPG nº 66, do 15.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 17698 (10/PNC-001459)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia BOPG nº 188, do 06.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 19011 (10/PNC-001532)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa perda de produtividade marisqueira das rías galegas nos últimos anos, os problemas de saneamento e depuración que padecen, así como os niveis de contaminación que rexistran BOPG nº 199, do 24.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 19195 (10/PNC-001549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás actuacións postas en marcha para evitar o impacto dos incendios forestais nos fondos das rías, en especial, nos bancos marisqueiros, así como a execución das accións precisas para evitar os efectos neles dos posibles arrastres de cinzas e terras BOPG nº 199, do 24.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 13 de novembro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 2014/65/UE relativa aos mercados de instrumentos financeiros e a Directiva 2009/138/CE sobre o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II) (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2017) 537 final] [2017/0231 (COD)]

-10/UECS-000103 (20143)

